

CONCURSO PARA O DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL 2020 «UN POEMA NA TÚA VOZ»

Coa ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL (DILI), a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) convoca o concurso «Un poema na túa voz» co fin de incentivar a lectura do xénero poético en galego entre a rapazada, promover e defender a potencialidade expresiva da poesía en voz alta e contribuír á divulgación da creación poética de autoras e autores galegos.

En razón das circunstancias excepcionais que estamos a pasar e tendo en conta que neste momento os nenos e nenas están nas casas coas súas familias, parécenos que esta é unha actividade que ao tempo que os entretén, esperta e mantén o gusto pola lectura e a sensibilidade. Por iso decidimos modificar as bases do certame de maneira que, ademais de participar a través das bibliotecas escolares e públicas ou as librerías, o poidan facer dende as familias.

BASES DE PARTICIPACIÓN MODIFICADAS

1. Poderá participar no concurso o lectorado que estea cursando primaria ou o primeiro ciclo de secundaria a través da súa biblioteca escolar, dunha biblioteca pública, dunha librería e **agora tamén desde a súa casa**. A actividade consiste no seguinte:

- Escoller un poema infantil ou xuvenil tradicional ou dunha autora ou dun autor da literatura galega.
- Gravar o poema en formato de audio WAV ou MP3.
- Enviar o audio poético a GÁLIX xunto á ficha de datos e mais a ficha de autorización da nai, pai ou persoa titora.

2. Deberán achegarse os datos que identifiquen o poema, a persoa lectora e mais a persoa titora. Cómpre enviar tamén unha autorización para a reprodución dos audios nas plataformas dixitais de GÁLIX. Os modelos de fichas para enviar todos os datos e mais a autorización

poderán atoparse no blog de GÁLIX, e deberán anexarse xunto ao audio poético correspondente. Todos os arquivos se identificarán co nome da persoa lectora e mais do poema, do seguinte xeito: **APELIDOS, NOME_TÍTULO POEMA**.

3. Cada participante poderá enviar un único audio antes do venres 10 de abril. Os envíos deberán realizarse por **endereço electrónico** (galix@galix.org), indicando no **asunto: Concurso DILI «Un poema na túa voz»**.

4. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías:

- Lectorado inicial (1º, 2º e 3º de primaria).
- Lectorado avanzado (4º, 5º e 6º de primaria).
- Superlectorado (1º e 2º de secundaria).

5. Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as persoas premiadas e para a biblioteca escolar, biblioteca pública ou librería que presente os traballos; ou para a biblioteca escolar ou biblioteca pública que indique a persoa premiada (no caso de presentar o seu poema a través da familia).

6. O xurado estará integrado por representantes do Consello Directivo de GÁLIX.

7. Informaremos da resolución do concurso a través do blog e das redes sociais, cando a situación o permita desenvolver o proceso de selección, e a entrega de premios celebrárase nunha data e nun lugar establecidos polo Consello Directivo de GÁLIX, que informará sobre o evento a través das súas plataformas dixitais.

8. A participación no concurso supón a autorización das nais, pais ou persoas titoras para que os audios poidan ser reproducidos e difundidos en diferentes soportes e usos relacionados co Día Internacional do Libro Infantil, sen que iso dea dereito á retribución ningunha para as persoas concursantes.

9. O envío de audios poéticos para o concurso supón a conformidade coas presentes bases.